



Concello
San Cibrao das Viñas



Galideporte
San Cibrao
de Viñas

CONCELLERIA DE DEPORTES



Campamento deportivo de Verán “Galideporte San Cibrao”

Trátase dun campamento multideportivo no que se levarán a cabo diversas actividades deportivas (fútbol, basket, atletismo, natación, waterpolo, rugby, senderismo, baile, xogos populares, etc), fomentando valores tan importantes como o respecto pola natureza, e o compañeirismo.

Para nenos e nenas nados entre o 2009 e 2015 empadroados neste concello, eles ou os seus pais ou titores.

Do 5 ó 16 de xullo de 2021

De luns a venres en horario de 9 a 13:30 horas.

Levarase a cabo nas seguintes instalacións deportivas:

- Ponte Noalla (cancha e piscina municipal)
- Soutopenedo (campo de fútbol e piscina municipal)
- Área recreativa da Boutureira.

A duración do campamento verase condicionada polo número de inscricións que se formalicen para o mesmo, organizándose nas seguintes quendas:

- Para 40 ou menos rapaces inscritos: A duración do campamento será de dúas semanas e o desenvolvemento das actividades lúdico-deportivas programadas farase nun único grupo.
- Para máis de 40 rapaces inscritos: A duración do campamento será só dunha semana e dividirase o grupo pola metade para o desenvolvemento das actividades lúdico-deportivas..

As inscricións formalizaranse no concello e o prazo será entre o 3 e o 28 de maio, (ambos os dous inclusives) en horario de 8:30h a 14:00h, sendo por orde de entrada a admisión das mesmas e ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.

(Crearase un grupo de Whatsap con todas as inscricións para informar de todas as cuestións relativas o desenvolvemento diario do campamento (protocolos que se teñan que levar a cabo por mor da Covid19, lugar de desenvolvemento, programación diaria, etc...)

En San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica

O Alcalde,

Manuel Pedro Fernández Moreiras

